

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreiro González

D. Leonardo Bermúdez Taboada

D^a. Natalia Pereira Rey

D^a. Aurora Varela Duro

D. Inacio García Couso

D. Antonio Orois Valiño

D^a M^a Rosario Vázquez Orois

D. Alfonso Orois Conde

D^a Cristina Castro Pampin

D. Alfonso Lodeiro Regueiro

D. Javier Rodríguez Vázquez

D. Francisco Xabier Pintor Vázquez

Secretario:

D. Juan Colmenares López-Soldado

Interventora:

D^a. Olga Castro Fernández

ACTA

En Arzúa, 12 de xuño de 2012.

Sendo as 20:05 horas reúnen no Salón de Sesiões da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión extraordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

*Punto 1º) **LECTURA E APROBACION DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DIA 31 DE MAIO DE 2012.***

Preguntando o Sr. alcalde se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación, con respecto a dita acta.

Formuláronse as seguintes observacións:

I) Polo Sr. Orois Valiño (do PP)

Unha.- En canto ao punto 1º) da orde do día “Aprobación do orzamento municipal do exercicio 2012 e cadro de persoal ao servizo desta entidade local”; posto que no folio 2.045 volto, consta –entre as manifestacións realizadas por el- que “*a persoa que o alcalde queira nomear, para realizar funcións de confianza, vai estar asimilada ao grupo C1 da Administración e vaiselle asignar un nivel 22 de complemento de destino, igual que o dos policías locais que levan vinte anos...*”

Cando resulta que se dixo que esa persoa ía a estar asimilada ao grupo C1 da Administración e que ía ter asignado o nivel 22, pero non dixo que ese nivel fose o mesmo que o dos policías locais, porque estes teñen outro nivel.

Outra.- Cando –antes do punto de Rogos e Preguntas- tratouse sobre a moción presentada polo Sr. Pintor Vázquez, sobre o posible traslado do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción de Arzúa; posto que no folio 2.056 volto, consta –entre as manifestacións realizadas por el- que “*esta de acordo coa moción do Sr. Pintor*

Vázquez, pero pensa que se debería haber feito doutro modo; polo tanto vaise abster, non pola forma senón polo fondo...

Cando resulta que esa última frase non esta transcrita correctamente, posto que o que dixo foi “que se ía abster, non polo fondo senón pola forma...”

En consecuencia coas indicacións realizadas, procédese a rectificar a acta da sesión celebrada o día 31 de maio, co obxecto de recoller as dúas observacións realizadas polo Sr. Orois Valiño, nos termos indicados.

II) Polo Sr. García Couso (do BNG)

Unha.- En canto ao punto 1º) da orde do día “Aprobación do orzamento municipal do exercicio 2012 e cadro de persoal ao servizo desta entidade local”; posto que, antes de entrar a debatir sobre ese asunto, leu un escrito a través do cal –tanto el como o Sr. Bermúdez Taboada- solicitaban deixar sobre a mesa a aprobación do orzamento municipal para o exercicio 2012 e cadro de persoal ao servizo desta entidade, polos motivos indicados en dito escrito, que pasou a ler e constan recollidos na acta.

E esa petición foi sometida a votación ordinaria, ao final do debate do orzamento municipal e antes de proceder á votación sobre a aprobación ou non do mesmo.

Porén non se recolleu que fora sometida a votación a súa petición de que quedase sobre a mesa a aprobación do orzamento municipal, nin por tanto o resultado da votación realizada ao respecto.

En relación con esta observación, o secretario informou que se non o transcribiu na acta foi porque non o tiña recollido entre as anotacións que tomou para realizar a acta; pero que se os demais concelleiros din que si foi sometida a votación a petición dos Sres. García Couso e Bermúdez Taboada, recollerao así na acta desta sesión, como forma de rectificar aquela outra acta nese punto.

E como resulta que varios concelleiros manifestaron que sí lembraban que fora sometido a votación esa petición dos Sres. García Couso e Bermúdez Taboada e cal foi o resultado da votación.

Tras as indicacións realizadas, procédese a rectificar a acta da sesión celebrada o día 31 de maio, en canto ao punto 2º) da súa orde do día “Orzamento municipal para o exercicio 2012 e cadro de persoal ao servizo desta entidade local”, da seguinte forma:

“Polo Sr. alcalde sométese a votación a petición dos Sres. García Couso e Bermúdez Taboada, de deixar sobre a mesa a aprobación do orzamento municipal para o exercicio 2012 e cadro de persoal, tras dar lectura dos motivos polos cales se planteaba esa petición; sendo tales motivos os seguintes:

1.- Nós, como concelleiros do grupo político do BNG, en ningún momento fomos convocados por parte do alcalde, para participar na elaboración destes presupostos, nin tan sequera no que atinxe as súas áreas.

2.- Esta proposta de orzamentos non foi presentada á Asamblea Local do BNG para o seu coñecemento e aceptación, no que se refire as liñas xerais.

3.- O proxecto de orzamento vai en contra das liñas programáticas do BNG, destacando especialmente:

a) Privatización do servizo de axuda no fogar.

b) Redución do orzamento de gastos en acción social, en mantemento, conservación e acondicionamento das vías de comunicación e edificios municipais, e en actividades deportivas.

c) Incremento de partidas como: órganos de goberno, equipamento da radio municipal, festas populares e festexos.

d) Contratación de persoal de confianza sen o coñecemento nin a aprobación da Asamblea Local do BNG.

Engadindo nese escrito os Sres. García Couso e Bermúdez Taboada que, de non quedar o asunto sobre a mesa, obrigaríalles a votar en contra dos orzamentos, para presentar alegacións aos mesmos.

Sendo o resultado desa votación o seguinte: Os Sres. García Couso e Bermúdez Taboada (do BNG) e o Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) pronunciáronse a favor de que quedará sobre a mesa a aprobación do orzamento municipal para o exercicio 2012 e cadro de persoal ao servizo desta entidade local; mentres que os dez concelleiros restantes Sras. Torreiro González, Varela Duro e Pereira Rey e o Sr. alcalde (do partido do BNG) e as Sras. Vázquez Orois e Castro Pampín e os Sres Orois Valiño, Orois Conde, Lodeiro Regueiro e Rodríguez Vázquez (por parte do PP) pronunciáronse en contra desa petición.

Polo cal, ao quedar desestimada a petición, o Sr. alcalde someteu seguidamente a votación ordinaria a aprobación do orzamento municipal e cadro de persoal nos termos que xa constan recollidos na acta; sendo o resultado desa votación o que tamén consta en dita acta.

Tras todo o exposto, e non formulándose outras observacións, considerouse aprobada -por unanimidade dos trece concelleiros asistentes- a acta da sesión anterior celebrada o día 31 de maio de 2012; a cal quedaría rectificadas na forma indicada, tras as observacións realizadas anteriormente tanto polo Sr. Orois Valiño (do PP) como polo Sr. García Couso (do BNG).

Punto 2º) CUESTIÓN DE CONFIANZA QUE PRESENTA O ALCALDE, VINCULADA AO ACORDO DE APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2012, DEBATIDO E REXEITADO NA SESIÓN PLENARIA DO DÍA 31 DE MAIO DE 2012.

Polo Sr. alcalde informase que neste asunto acóllese ao dereito que lle outorga o artigo 197 bis da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, que resultou modificada nese punto pola Lei Orgánica 8/1999 de 21 de abril, a través de cuxo artigo regulase a cuestión de confianza vinculada á aprobación dos orzamentos anuais.

Seguidamente pasou a expoñer os motivos, polos cales se formulou esta cuestión de confianza; que serían os seguintes:

“Asumín, fai xa un ano, a alcaldía como alcalde de tódolos arzuáns, e isto non e palabraría barata; creo que tanto eu como as concelleiras de cultura, asuntos sociais e facenda vimos dando mostra de responsabilidade, transparencia e actitude de traballar para chegar a acordos co resto de forzas políticas.

Tiven moi claro desde o principio que o meu tiña que ser un mandato compartido co resto da corporación, xa non só pola situación de minoría na que nos atopamos, senón tamén polas circunstancias económicas tan difíciles que estamos atravesando. Teño o firme convencemento que aqueles concellos que estean integrados por políticos responsables con capacidade de diálogo e de chegar a acordos sen entrar en debates interesados e mentireiros, que ao único que conducen e a crispación e a confusión, saíran mellor parados desta crise. Avisaba disto no meu primeiro discurso neste Salón de Plenos e dei mostras de responsabilidade e honestidade desde o primeiro momento en que asumín o cargo, ao negarme, por exemplo, a ser “un brazo asinante”, “unha marioneta”, ... chámenlle como queiran. Non podía fallarlle á xente que contribuíu á miña educación: meus pais, os meus mestres...; pero, sobre todo, non podía fallarme a min mesmo. Levo toda a miña vida inculcando nos meus alumnos e alumnas o importante que é nesta vida o ser un mesmo, o ter ideais e de que non temos nada máis importante ca nosa liberdade.

Os orzamentos que presentamos son, ao noso modo de ver, uns orzamentos equilibrados, confeccionados con toda transparencia e realistas, pensando precisamente nesa profunda crise que está afogando aos pequenos empresarios, e aos autónomos que constitúen un dos eixos máis importantes da economía municipal. Paréceme que nesta situación de gravísima crise, os verdadeiros políticos teñen que estar por encima de cuestións estratéxicas, dos acordos interesados e das liortas. A negativa que se fixo a estes orzamentos nada ten que ver coa súa transparencia, coa súa racionalidade ou co seu equilibrio económico, por iso pido que reflexionen e en conciencia fagan o mellor para os cidadáns de Arzúa.

Asumín unha decisión que sei que me vai a custar cara durante o tempo que estea ocupando este posto. Gustaríame pedir a outra xente que asuma as súas decisións. Cando un aposta forte e perde non lle pode pedir aos demais que asuman as consecuencias da súa aposta. El mesmo as debe asumir, para iso aposta.

Pido reflexión nas filas do PP. É o momento de pensar nos cidadáns, non en vinganzas.

Pido ao voceiro do PSOE reflexión sobre o feito de que ultimamente, non sei porque razón, ten tendencia a arrimarse onde máis lle petan, parece ser coa desculpa de elaborar unha maioría natural pasando olímpicamente dos outros dez concelleiros; un posible síndrome de Estocolmo? Pregúntome.

En canto aos dous concelleiros do BNG que votaron en contra dos orzamentos, diríalles moitas cousas. Resumo:

- Estraña a súa actitude cando fai meses un de vostedes era concelleiro de facenda e renunciou aos quince días de dicirlle eu non ao asesor. Deixaron as concellerías de participación veciñal, facenda e servizos; asumímolas eu e a tenente alcalde. Xa tiñamos poucas!

- Algún de vostedes non pisou nunca a Alcaldía desde que estou eu como alcalde, sinal da grande preocupación que ten polos asuntos do Concello.

- Outro de vostedes tivo a oportunidade de ir no meu posto. Non quixo. Tivo a oportunidade dúas veces e rexeitouna e agora pídeme a min responsabilidade e dignidade?

Sobre as decisións tomadas nunha reunión de dezoito militantes do BNG este fin de semana teño que dicir:

Non vai ser ningunha asemblea quen me diga con quen ou quen non teño que pactar os orzamentos. Creo no consenso, si pode ser con todas as forzas políticas. Nos momentos nos que estamos non sería responsable darlle as costas aos cidadáns que fixeron que o PP teña tantos votos coma nos. Pedíuse nalgunha asemblea responsabilidade, cando se pactou co PP no 2004 a prórroga do contrato do servizo de auga municipal durante 20 anos?

Na acta de presentación da moción de confianza no 2006 fanse as seguintes declaracións:

- Xaquín García entende que “había unha aproximación entre BNG e o PP, que non sería estraño porque xa chegamos a outros acordos”

- Leonardo Bermúdez di que “despois de aceptar varias das enmendas que presentara o grupo político do PP non é aceptable que veñan coa chantaxe de que hai que eliminar prazas”

- Nicolás Esmorís di que “dende o PP, en ocasións, e sempre crendo que era beneficioso para Arzúa, tiveron o noso apoio, e demostrámolo con feitos”.

Como pode agora o señor responsable comarcal do BNG, Xaquín García, dicir na prensa: “acordouse que en ningún caso se pacte nin implícita nin explicitamente co PP”?

Que grandes pactos fixemos co PP? Foi ese pacto o que me levou a plantexar esta moción de confianza? Se teño que levar tódalas decisións a unha asemblea, veñan vostedes, gobernen e ao mesmo tempo asuman todas as responsabilidades que conleva o cargo. No tempo que eu levo no BNG nunca se levaron os orzamentos a unha asemblea. Tampouco se chamaba aos concelleiros para elaboralos. Eu non teño problema en levar os orzamentos a unha asemblea; pero non son tan tonto como para saber onde me meto e que é o que se pretende. É o escaso interese -do concelleiro de deportes e de obras- en que a este alcalde lle vaia ben, o que me dá forzas para non meterme na boca do lobo. Teremos a resposta a moitas preguntas e intencións, segundo se vaia acercando a data das próximas eleccións municipais.

Concelleiros do PP e do PSdeG-PSOE, e señores Leonardo Bermúdez e Inacio García, está nas súas mans que eu siga sendo alcalde de Arzúa ou non. Espero que fagan o mellor para Arzúa. Se eu continuo seguirei loitando pola política na que creo e pola que están pedindo os cidadáns nestes momentos de crise, unha política

responsable e de consenso. Ofrezo diálogo a quen estea interesado neste en levar a cabo este tipo de política. Ofrezo o rechazo máis absoluto a quen estea interesado só en pedir a miña cabeza por unha decisión que tomei responsablemente”.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expresar:

-Que o que se trata aquí é de vincular unha cuestión de confianza a uns orzamentos; é unha cuestión política que está perfectamente definida nunha lei orgánica.

- Que parece que o Sr. alcalde vaise a ir mañá, e non é así, aínda que non lle outorgue a confianza neste asunto, hai un prazo dun mes para presentar a moción de censura, e se non se presenta esa moción aos orzamentos quedan aprobados; polo tanto o alcalde seguirá sendo alcalde.

- Que a súa postura trata de ser coherente politicamente, coincidindo cun sector do Bloque por cuestións políticas e non por outra razón; e ten a virtude de pasar páxina e de non lembrarse de temas que non teñen que ver coa política.

- Que non existe ningún síndrome de Estocolmo, nin hai ningún contacto nin conversación, nin se pactou nada co Sr. Bermúdez Taboada ou co Sr. García Couso.

- Que xa pasaron once días desde que se levou o orzamento a outra sesión do Pleno, e a nós non se nos chamou para tratar sobre a súa aprobación.

- Que tiña o mandato do partido para negociar a dous bandas, non a tres co Partido Popular.

- Que non se vai reiterar no tema dos orzamentos, que están exactamente igual que cando se presentaron para a súa aprobación na sesión do 31 de maio, polo que os argumentos para o seu rexeitamento seguirán sendo os mesmos.

- Que nesta cuestión de confianza, gustaríalle que o secretario aclarase se o orzamento ao final vaise publicar, se se supón que se aproba inicialmente, se os veciños e concelleiros poden presentar alegacións; ou supón unha aprobación xa definitiva, cando pase o mes e non se presente a moción de censura.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que quere felicitar ao Sr. alcalde, porque cando unha persoa fala co corazón e co sentimento é un síntoma de nobreza que o engrandece.

- Que somos unha oposición leal; neste ano non houbo ningún acto de deslealdade hacía o goberno.

- Que non estamos de acordo cos orzamentos, pero con eses orzamentos vaise gobernar, porque non se vai presentar unha moción de censura; e somos os únicos que temos a capacidade para facelo nestes momentos.

- Que o alcalde dixo algunha cousa que el comparte plenamente; a un educanno nuns principios e valores, e con eles temos que dar conta ante Deus o día de mañá, e cada un ante a súa propia familia e ante os cidadáns.

- Que se fala dun pacto secreto do grupo político do Partido Popular con catro concelleiros do Bloque Nacionalista Galego; pero quere dicir que ese é un pacto tan secreto, que nin tan sequera o coñecemos.

- Que soe vir dúas veces á semana ao concello, e fala co alcalde e coa tenente de alcalde, e sempre tivo as portas abertas; sempre houbo un respecto e unha educación recíproca e iso é o que hai que mirar na política.

- Que o problema que houbo é que nós non podemos votar a favor destes orzamentos, porque iríamos en contra do que dixemos aos votantes do PP, posto que íamos a esixir unhas premisas que non se contemplan no orzamento presentado; pero iso non quere dicir que non se poida gobernar con estes orzamentos; polo que, se finalmente quedan aprobados, trataremos de axudar.

- Que finalmente quere dar as grazas ao alcalde pola súa sinceridade, e espera que siga con ese talante de chegar a acordos con quen sexa polo ben de Arzúa.

* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:

- Que porá toda a súa vontade en traballar e seguir nunha liña, non de engano, non de falacias nin de terxiversar a verdade, nin de mandar notas falsas á prensa.

- Que lle gustaría que a xente tratase de ser obxectiva á hora de analizar unha situación e unha noticia; porque todo o mundo somos vítimas da prensa, pola cal podemos ser enganadas.

- Que loitara, igual que o Sr. alcalde, porque pensa que os valores son moi importantes, e invita á reflexión á xente nova de Arzúa e a xente nova do Bloque de Arzúa, aos que hai que aducar tamén.

- Que neste momento o que está pasando está perxudicando a todo o mundo, e se temos que marchar, marcharemos con dignidade e defendendo a igualdade.

- Que non somos culpables desta crispación, pero estamola sufrindo enormemente, temos moita axuda, pero tamén votamos en falta a axuda da xuventude do BNG, porque están demasiado influenciados.

- Que loitamos polos nosos dereitos como grupo político, pero dentro da dignidade; e se non pode seguir sendo voceira do grupo político do BNG, non pasa nada, seguirá traballando.

Deseguido, a requirimento do alcalde, o secretario informou sobre a forma en que quedaría aprobado o orzamento municipal, -o cal tamén fora solicitado polo Sr. Pintor Vázquez-, para o suposto de que nesta sesión non se outorgase a confianza ao alcalde e despois non se presentase unha moción de censura.

Manifestando o secretario que, cando soubo que se ía a formular esta cuestión de confianza, comentoulle ao alcalde as situacións que poderían darse, sobre as cales elaborou un informe que foi emitido con data 8 de xuño de 2012; figurando entre esas situacións a da aprobación do orzamento. E así, no punto VI) dese informe, dicía en canto á cuestión que poidera subscitarse de si esa aprobación sería a inicial ou, en cambio, a definitiva, procede informar:

“Que os orzamentos enténdense aprobados de forma unitaria, non podendo ser sometidos a información pública nin a obxecto de reclamación, porque:

1º) A aplicación da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral prima sobre a previsión que contén a Lei reguladora das Facendas Locais, sobre a tramitación do orzamento municipal, e

2º) Unha interpretación contraria vulneraría o disposto no artigo 197 bis nº 5 da LOREG e o artigo 3 nº 1 do Código Civil, segundo o cal *“As normas interpretaranse segundo o sentido propio das súas palabras, en relación co contexto, os antecedentes históricos e lexislativos, e a realidade social do tempo en que han de ser aplicadas, atendendo fundamentalmente ao espíritu e finalidade de aquelas”*.

Outra concepción podería supoñer o bloqueo na xestión do goberno municipal, que é precisamente o que quería impedirse coa reforma da Lei Orgánica 5/ 1985 levada a cabo pola Lei Orgánica 8/1999, a cal dentro do preámbulo, en relación coa cuestión de confianza di *“Trataríase con iso de dotar aos Concellos dun instrumento que permita superar as situacións de rixidez ou de bloqueo, no proceso de toma de decisións nas materias sinaladas, que teñen a máxima transcendencia no desenvolvemento do goberno municipal”*.

Engade o secretario que pode haber outras opinións, no sentido de que o orzamento se aprrobe inicialmente e non definitivamente; pero el considera máis lóxica esta interpretación, polos motivos expostos; e por canto que é a postura que tamén se mantén nunha sentenza do Tribunal Superior de Xusticia das Illas Baleares de 17 de febreiro de 2004, sendo o criterio que igualmente mantén o avogado do servizo de asistencia xurídica a municipios da Deputación Provincial co cal comentou este asunto; e por canto que ademais foi o criterio que se adoptou, cando se formulou en dúas ocasións anteriores unha cuestión de confianza vinculada á aprobación do orzamento municipal, no ano 2004 e no ano 2006.

* Volve a intervir o Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que nestes orzamentos, que van quedar aprobados cando pase un mes, inclúese unha secretaria particular do alcalde, unha praza de arquitecto, non se prevé ningunha axuda ao deporte de base, e hai un investimento real dun dez e pico por cen; e, aínda que nono comparte, se se nos chamase a negociar poderíamos ceder nalgunhas cousas.

Volve a intervir a Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar que quere dicirlle ao Sr. Pintor Vázquez que un pouquiño de ética, de vez en cando, non lle viría mal; non quere dar unha clase ilustrada, pero vendo as notas de prensa que se están sacando, calquera persoa podería comprender que se fan ataques que non son aceptables nin desde o punto de vista político nin desde outro punto.

Remata o debate o Sr. alcalde manifestando:

- Que hai acordos na política municipal que se poden levar a cabo con todos os grupos políticos, acordos que non conlevan ideoloxía de ningún tipo, como por exemplo o Plan de Obras e Servizos, haberá tamén acordos en que estemos máis próximos a un grupo político que a outro; pero o que sí ten que ter un concelleiro é gañas de vir a negociar cando se lle chama para iso.

- Que cre que hai que facer máis visitas aos distintos departamentos do Concello, para interesarnos de como están as cousas, coñecer cal é a problemática dos distintos departamentos, e despois vir a negociar, non vir a negociar con ideas xerais.

Chegado este momento, e considerando suficientemente debatido o asunto, o Sr. alcalde someteu a votación a cuestión de confianza, vinculada á aprobación do orzamento municipal; indicando que esa votación íase facer de maneira nominal (*tal como esixe o nº 2 do artigo 197 bis da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, en relación co artigo 70 do Regulamento Orgánico Municipal*), seguindo o orde alfabético das iniciais do apelido de cada Concelleiro e votando en último lugar o alcalde.

Sendo o resultado desa votación o seguinte:

* A favor de outorgar a confianza do Sr. alcalde pronunciáronse a Sra. Varela Duro, a Sra. Torreiro Pampín, a Sra. Pereira Rey e o propio alcalde.

* Negáronlle a confianza ao Sr. alcalde os Sres. Orois Valiño, Orois Conde, Lodeiro Regueiro e Sr. Rodríguez Vázquez así como a Sra. Vázquez Orois (do PP) e o Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE).

*Mentres que os Sres. Bermúdez Taboada e García Couso (do BNG) e a Sra. Castro Pampín (do PP) abstivéronse.

Polo que en consecuencia –de conformidade co disposto no nº 5 do artigo 197 bis da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (segundo a súa modificación realizada pola Lei 8/1999 de 21 de abril)- ábrese o período dun mes para que poida ser presentada unha moción de censura; de maneira que se transcorre ese período sen presentala entenderase aprobado definitivamente o orzamento municipal, sen prexuízo de realizar os trámites posteriores ata a súa entrada en vigor.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto, levantándose a sesión ás 21:10 h. do indicado día; estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á próxima sesión. Do que dou fe.

